

.INFORMACIÓN AOS MEDIOS**A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA ASINAN UN NOVO ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A CONVOCATORIA DO III CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES**

- ***A empresa galega colabora, un ano máis, no desenvolvemento deste certame que achega este xesto solidario ao alumnado de 5º e 6º cursos de primaria e primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria***

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021.- A Consellería de Sanidade, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e GADISA REAIL SLU, asinan un novo acordo, mediante o cal a empresa galega colabora un ano máis no III Concurso de Carteis para Escolares relacionado coa doazón e os transplantes de órganos.

ADOS quere por en valor o constante apoio de Supermercados GADIS no desenvolvemento de iniciativas a prol da doazón de sangue e de órganos, xa que esta empresa participa, desde hai anos, como patrocinadora dun certame que ten por obxectivo achegar o solidario xesto da doazón aos máis novos.

Por outra banda, salienta que as instalacións de GADISA no Polígono de Piadela acollen periodicamente as visitas das unidades móbiles de ADOS co obxectivo de desenvolver campañas de doazón de sangue. A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue ten visitado, desde o ano 1997, as instalacións de GADISA en 45 ocasións, acadando 1.497 doazóns de sangue, cifra que pon de manifesto o carácter solidario dos seus profesionais.

Participantes

Nesta terceira edición do Concurso de Carteis para escolares promovido por ADOS co apoio de Supermercados GADIS, os participantes deben abordar a temática da doazón e os transplantes de órganos e tecidos nos seus traballos. O formato debe ser horizontal ou vertical coas medidas de Din A-3, podendo participar traballos presentados en calquera técnica plástica e dixital. Ademais, todos os traballos deberán incluír unha frase ou lema en galego normativo relacionado co fomento da doazón de órganos e cada participante poderá presentar só un traballo. O prazo de presentación das obras, que deben remitirse á Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS nos edificios administrativos da Consellería de Sanidade en San Lazaro, conclúe o vindeiro 30 de abril.

ADOS quere amosar o seu recoñecemento a Supermercados GADIS polo seu apoio a esta iniciativa que tenta fomentar unha conciencia social proclive á doazón e os transplantes de órganos entre os máis novos e novas. Ademais, tanto a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue coma Supermercados GADIS queren animar a todos os escolares a que tomen parte nesta iniciativa, xa que promove unha actitude solidaria e permítelles achegarse a unha parte fundamental do noso sistema sanitario.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE